A relixión da pedra

MANUEL ALDAO

Os cruceiros, esa oración petrificada para perenne agradecemento, atopámolos en toda Galicia, espallados en diversas áreas e en todos os vieiros.

Bueu, conta na actualidade con 33 cruceiros 5 cruces altas e 9 pequenas. O asentamento dos cruceiros no concello de Bueu responde a tipoloxía do resto de Galicia.

Atopámolos nos adros das igrexas e capelas, a veces un pouco alonxados, acotando un terreo sacralizado e servindo de linde das procesións. Nos cimiteiros, como vixiante defensor dos que dormen eternamente o seu carón. Despedindo os veciños de cativas aldeas, nas encruzilladas de vellos camiños, vieiro obrigado no derradeiro viaxe. Outro atopámolos nun punto nillado, por ter ocurrido alí un suceso luctuoso, coma no caso do cruceiro de Cobertoreiro na Cacela, de que a lenda conta, que desde hoxe está chantado, apareceu un home morto, en un cobertoreiro que recorría as aldeas vendendo mantas. A Cofradía de Animas e os veciños ergueron alí este modesto cruceiro. O do río da Portela, que por aparecer un home morto debaixo da ponte os familiares puxeron este cruceiro.

Con este asentamento temos o cruceiro de Castiñeira, a veira da estrada que desde Beluso vai a Portela. Este cruceiro érguese solitario nun monte comunal, do vello camiño, que desde San Martiño de Bueu pasando por Casiñeira e os Abelaires baixaba ata a aldea de Gandón, en Aldán, que noutros tempos pertenecera o concello de Bueu. Cruz latina cadrangular simple. Na cara norte ten a imaxe de Xesús, nú con paño púdico, cabeza erguida e lixeiramente inclinada sobre do hombreiro dereito. Tres cravos e as duas mans pechadas. Pe dereito sobre do esquerdo. Corona de espinos moi pouco resaltada. A talla de Xesús e feita sen ocos entre o corpo e a cruz, o mesmo a da Virxe, que na cara sul presentanos pregando, cruzando os dedos das mans sobre do peito. Un cingolo atalle as vestiduras. Posasse nunha peana coa face dun anxo.

Coide que non debemos deixar de nomear no xenese evolutiva e motivadora do cruceiro a derradeira forma de presentación, a ornamental. E frecuente na actualidade, que ceans de nova construcción, e de certa importancia chanten un cruceiro na frente ou no xardín. Certo que non obedece este cumprimento a unha promesa, redención dun pecado, pago do favor do Ceo, nin penitencia, pero si amosa unha confesionalidade. Nada mais, pero bastante.

As tres parroquias do concello, San Martiño de Bueu, Santa María de Cela e Santa María de Beluso, teñen cruceiro no eirado.

No adro da parroquia de San Martiño, na actualidade hai dous cruceiros, por ser trasladado a él o que estaba no cimiterio vello. Un dálos e o único cruceiro de Bueu, que ademais de Xesús e a Virxe, ten outras imaxes no conxunto da cruz. Neste caso un anxo azado que empuñando un calice na man dereita, recolle o sangue que deita da ferida do costado. Parece que estivo policromada. Na actualidade quedanlle resto de color roxo de sangue das fridas dos xoelhos.

Xesús ten os ollos pechados e expresión serena. Sin grande estudio anatómico ten marcados os peitorais e costelas.



Na cara oeste da cruz, ten este cruceiro a Virxe Dolorosa con sete espetos cravados no corazón, tres a dereita e catro a esquerda. A Virxe está con mantelo e as mans cruzadas sobre do peito. Un rosario penduralle da cintura, zapatos policromados en negro, pousando nunha peana a veira de concha.

O outro cruceiro do adro de San Martiño, chantado frente a fachada principal, procedía do cimiterio vello, donde estivo ata o ano 1986. Duse o caso que por estar un pouco derreado, o querer endereitalo, caeslles, esnaqueizándose en varios pedazos. Foi recomposto por Agustín Sanmartín Cervilo, sendo este o inire do cambio para asentarse no adro.

Este cruceiro formaba parte do antigo Calvario de Bueu, no dos poucos de Galicia, o que facía conxunto coa antiga capela dos Santos Reises: según datos parroquiales, fundada en 1.686.

Cando se desfixo a capela, por causas que hoxe se desconfecen; o cruceiro principal levouse para o cimiterio, e os ladróns, non sabemos porqué, ou tal vez por non atopalos dinos de importancia, foron abandonados e esquecidos nun antergo almacen. Anos mais tarde, afortunadamente, D. Xosé María Massó, rescatou estas imaxes, encargou o cruceiro central, e recompuxo o calvario no seu xardín, onde se conserva na actualidade.

Este cruceiro ten unha soia plataforma rectangular, pedestal cúbico liso, na cara frontal amosa en relevo unha caveira e dous osos cruzados. Tábox de INRI na cabezal. Na cara sul ten a imaxe de Xesús. Imaxe de boas proporcións, aparecemos con cabeza deitada sobre do hombreiro dereito, ollos pechados e unha expresión moi doce, parece durmido. Ten corona de espinos, tres cravos moi marcados, mans semipechadas e, pé dereito sobre do esquerdo. No reverso non ten imaxe.

Santa María de Cela: ten unha estiva cruz, no mesmo que cérra o campiño, e a poucos metros da igrexia, no camiño vello que sobe do Igresario a Pena, atopamos unha gran cruz con pedestal e mesa que os veciños chaman cruceiro, e coma tal pode considerarse. Ata aquí viña a procesión de Corpus Christi.

Nesta parroquia, mesmo diante da porta da igrexia, no ano 1.987 ergueron un novo cruceiro. Cruz latina cilíndrica de toro rudente. Na cara que olla a fachada da igrexia ten a Xesús. Moi boa talla presentanos o Redentor, moi separado da cruz, penduranda dos brazos, mantendo en toda a talla moi boas proporcións. Cabeza erguecita, en expresión serena e viva, boca lixeiramente aberta, barba bigote e corona de espinos, tres cravos e mans semipechadas.

O cruceiro da parroquia de Santa María de Beluso, está un pouco separado da igrexia, na estrada que vai a Cabo Udra, por medio.

Na cara leste a imaxe da Piedade, a Virxe Dolorosa sentada nun poio con Xesus sentado no colo, con man dereita agantalle a cabeza e cua esquerda colleile unha man. Na cara sul do pedestal ter a data de 1.791.

Como non temos cabida para describir neste artigo todos e cada un dos preciosos cruceiros e cruces, algunhas moi interesantes, que hai no concello de Bueu, faremos un resume das características principais.

Dos 33 cruceiros, 12 presentan nunha cara a Xesús e na outra a Virxe, 7 solo teñen a imaxe de Xesús e 14 non teñen imaxe.

O cruceiro mais antiguo, con data constatada e o do Pazo de Santa Cruz de 1.681. Este cruceiro formaba parte de un antigo Via Crucis, que dende a igrexia de Bueu subía polo camiño do Eolete ata a capela do Pazo. Este Via Crucis tiña na derradeira estación, no morriño que pecha o adro, un calvario de tres cruces, de que so queda un pedestal e un fuste roto. Da existencia do Calvario da fe a inscripción do cruceiro cando di: 'Bexas dezaseis cruces mando hacer...'

LAYBE

AGENTE OFICIAL DE LA PROPIEDAD E INMU...

ALQUILA • VENDE • TRASPASA

Pisos - Apartamentos - Locales comerciales - Casas
Negocios - Fincas - Solares - Chalets

PONE A SU SERVICIO: una red de oficinas con gran experiencia que desinteresadamente le informan

C/. Montero Ríos, 83 Teléfono: 32 04 48

36930 BUEU (Pontevedra)

O pazo de Abao, visto por Conde Corbal, é un dos mais antigos da vila.
Foi construído en mil cincocentos noventa e coñecido popularmente como 'Casa dos Picos'.

Comercial
OTERO

SUMINISTROS PARA CALEFACCION Y FONTANERIA

El portal del almacen - Carretera a Cangas, 8 - Telf. 31 00 78 - MOAÑA

Pazos Fontenla, 51 - Telf. 32 31 88 - BUEU

7 PINTO Y APARIC.